



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Programación de Análise

Curso 2023-24





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



1. Introducción	3
2. Secuenciación do curso	4
2.1. Obxectivos	4
2.2. Contidos	6
3. Avaliación	7
3.1. Criterios de avaliación	7
3.2. Mínimos esixibles	8
3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	8
3.4. Criterios de cualificación	10
3.5. Medidas de recuperación	11
3.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios	12
3.5.2. Probas extraordinarias	12
4. Recursos didácticos	12
5. Metodoloxía	13
6. Atención á diversidade	13
7. Temas transversais	14
7.1. Educación en valores	14
7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	14
8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	15
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	15
10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	16



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Toda obra de arte musical está composta a partir dunha serie de elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos. A disciplina de análise pretende subministrar o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico. A análise proporciona unha serie de ferramentas metodolóxicas que permiten interpretar a música desde todos os puntos de vista que poidan ser relevantes. Os criterios de sincronía (definindo a mutua relación dos elementos da obra) e diacronía (a evolución destes no tempo) son, quizá, os que máis axeitadamente se adaptan á análise musical.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



É importante a valoración de toda obra musical como pertencente a un estilo ou a un autor e a unha época relacionándoos cos estilos ou as épocas anteriores e posteriores.

A análise está concibida como materia común para todas as especialidades nos dous derradeiros cursos do grao profesional aínda que, pola súa propia esencia, se trata dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos seus estudos musicais.

Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con traxectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con grande perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que han achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais. Esta materia traballarase en base a exercicios auditivos e de lectura de partituras.

2. Secuenciación do curso

2.1. Obxectivos

ANÁLISE I CURSO 5º DE G.P.

- Coñecer a terminoloxía analítica básica, os tipos formais e procedementos compositivos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.

- Sinalar na obra as características fundamentais dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos do Barroco, Clasicismo e Romanticismo cos tipos de obras que se derivan deles.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- Participar activa e produtivamente na clase sabendo defender as opinións propias e respectando as alleas.

ANÁLISE II CURSO 6º DE G.P.

- Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores e autoras, desde o canto gregoriano ata a actualidade, atendendo a un amplo abano de estilos.
- Analizar obras dunha crecente complexidade dunha ampla variedade de estilos e de diferentes compositores e compositoras da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que se derivan deles.
- escoitar internamente os tipos de acordes, as fórmulas harmónicas e outros parámetros musicais característicos das obras analizadas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



- Participar activa e produtivamente na clase sabendo defender as opinións propias e respectando as alleas.

2.2. Contidos

Nos dous cursos de Análise serán traballados exemplos musicais de distintos estilos e tanto de compositores como de compositoras.

Para 5º GP: Análise I

Terminoloxía analítica básica.

Pequenos tipos formais.

A variación.

O rondó. A forma de arco.

Forma tipo suite barroca.

O minué de sonata clásica.

A forma sonata.

Tipoloxías formais do movemento lento da sonata.

O contrapunto imitativo: o canon, a invención e a fuga.

A relación entre texto e música: o Lied.

Formas libres: preludio, tocata, obertura, fantasía, etc.

Para 6º GP: Análise II

Terminoloxía analítica básica das formas, procedementos e técnicas compositivas de: Canto gregoriano, Polifonía medieval, Renacemento e Séculos XX e XXI. (Para poder comprender e relacionar os procesos compositivos destas épocas cos da práctica tonal.)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Características da estética e dos parámetros que compoñen as obras dos períodos:
Barroco, Clasicismo e Século XIX en obras de crecente complexidade.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Para 5º curso:

- a) Coñecer a terminoloxía analítica básica, os tipos formais e procedementos compositivos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- b) Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motivica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.
- c) Sinalar na obra as características fundamentais dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos do Barroco, Clasicismo e Romanticismo cos tipos de obras que se derivan deles.
- d) escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas.
- e) Participar activa e produtivamente na clase.

Para 6º curso:

- a) Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, atendendo a un amplo abano de estilos.
- b) Analizar obras dunha crecente complexidade dunha ampla variedade de estilos e de diferentes compositores e compositoras da práctica tonal atendendo aos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.

- c) Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que se derivan deles.
- d) escoitar internamente os tipos de acordes, as fórmulas harmónicas e outros parámetros característicos das obras analizadas.
- e) Participar activa e produtivamente na clase.

3.2. Mínimos esixibles

Nos criterios de cualificación detállanse as porcentaxes específicas de cada bloque de obxectivos e contidos, de modo que os alumnos e alumnas terán que ser capaces, para aprobar a materia, de obter unha nota media de cinco ou superior.

Nas probas de acceso serán de aplicar os mínimos esixibles que establece a Lei (aprobar as dúas partes: instrumental e teórico práctica).

3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Haberá tres tipos de avaliación: Inicial, procesual e final.

A avaliación inicial será levada a cabo nas dúas primeiras semanas de curso e terá como finalidade a cuantificación dos coñecementos previos, sendo para os/as estudantes unha actividade de repaso que dará ao profesorado información sobre cal debe ser o xeito óptimo de iniciar o curso.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



A avaliación procesual terá lugar ao longo de todo o curso, coa corrección de traballos feitos ou presentados na aula. Ao final do primeiro e segundo trimestre, de considerarse necesario, poderá haber probas obxectivas de avaliación e emitirse unha nota para que estudantes e familias queden informados da marcha do curso até ese momento.

A avaliación final é a que dará como resultado a nota de fin de curso, sendo no caso desta materia a media das tres avaliacións.

Do resultado de todas as avaliacións quedará constancia no seguimento mensual da programación.

A materia será avaliada por trimestres. Valorarase o traballo da aula. Ao remate de cada trimestre o/a profesor/a poderá propoñer un exercicio a realizar na aula como proba obxectiva de avaliación. Esta proba poderá avaliar un ou varios dos criterios de avaliación, se o profesorado o considera oportuno. Explicarase ao alumnado o tipo de exercicio a realizar con tempo suficiente.

No suposto de alumnado que se presente a una única proba final, dita proba consistirá en dúas partes:

- A presentación de 6 traballos escritos sobre obras de **diferentes estilos** que propondrá o profesorado do curso, a mais tardar cun mes de antelación á data da proba final e que poderán ser entregados en calquera momento ao longo do curso, con **data límite da proba final**. O valor destes traballos suporá o 50% da nota.

- Un exercicio no que haberá de responder a cuestións de análise formal, harmónica, tonal, e de outros parámetros que compoñen a obra, dunha ou dúas obras ou fragmentos que abarquen diversos criterios na concepción da música. O exercicio poderá consistir en sinalar os devanditos aspectos na partitura, ou redactar un breve comentario analítico sobre a mesma, ou responder a un cuestionario. O profesor ou tribunal determinará o tempo para a realización da



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



proba, que non excederá de 120 minutos. O valor desta proba suporá o 50% da nota.

A dificultade da ou das probas referirase aos contidos de cada curso que figuran na programación desta materia.

3.4. Criterios de cualificación

Análise 5º GP e 6º GP

- Análise con partitura 65%
- Análise auditiva 30%
- Actitude 5%

Observación: o redondeo das notas realizarase ó alza cando falten catro décimas ou menos para a seguinte unidade.

As probas de acceso seguirán o modelo da aportada no anexo e manterán os mesmos criterios de cualificación que os da mostra.

Recomendamos ao aspirante que se informe de todas as materias das que será avaliado na proba de acceso e que para preparar a proba consulte as respectivas programacións.

Nos casos de exames que avalíen toda a materia con unha única proba como: ampliación de matrícula, exame final e exame extraordinario, os criterios de cualificación das probas escritas serán do seguinte xeito:

Análise 5ºGP e 6º GP

- Análise con partitura 65%
- Análise auditiva 35%



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula de 5º a 6º dependerá da superación dunha proba obxectiva de avaliación que inclúa os contidos do curso anterior ao que se pretende ampliar e que verifique que foron acadados os obxectivos da programación.

Serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación para o remate do curso, agás no tocante aos criterios que valoran a actitude, que serán excluídos por tratarse dun único exercicio de avaliación final.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estea de acordo. Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto. Para poder ampliar deberá haber praza vacante en todas as materias do curso ao que se amplía.

3.5. Medidas de recuperación

A avaliación do total da materia poderá ser dividida en trimestres en función dos contidos traballados en cada un deles. Deste xeito os alumnos que asistan regularmente a clase e vaian aprobando por trimestres irán eliminando materia. Os alumnos que non teñan avaliación positiva no primeiro e/ou segundo trimestres deberán recuperar dita materia ben no trimestre seguinte, ben a final de curso, en xuño ou en setembro. O profesorado determinará o momento mais oportuno para facer a recuperación da materia pendente. O alumnado será informado do tipo de proba con antelación suficiente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



3.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación.

3.5.2. Probas extraordinarias

Consistirán en exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación, agás no tocante aos criterios que valoran a actitude, que serán excluídos por tratarse dun único exercicio de avaliación final.

4. Recursos didácticos

- Ulrich Michels e Gunther Vogel, *Atlas de Música* (Vol I, II), Madrid, Alianza Atlas, 2007
- Dionisio de Pedro Cursá, *Manual de formas musicales* (curso analítico), Madrid, Real Musical, 2002
- J. Zamacois, *Curso de Formas Musicales*,
- Clemens Kühn, *Tratado de la Forma Musical*
- Llacer Pla, *Guía analítica de Formas Musicales para estudiantes*, Madrid, Real Musical, 1987
- Lehmacher/Schroeder, *Formenlehre der Musik*, Musikverlage Hans Gerig, 1979
- Forte/Gilbert, *Introducción al análisis schenkeriano*, Barcelona, Labor, 1992
- Ratz, Erwin: *Einführung in die Musikalische Formenlehre*, Wien, Universal Edition, 1973
- Parrish/Ohl: *Masterpieces of Music before 1750*, New York, Dover 2001



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Recursos de Aula:

Aparte do material convencional de cada aula é positivo dispor de:

Equipo de música, ordenador ou outro dispositivo electrónico móbil, proxector, acceso a internet.

5. Metodoloxía

A metodoloxía empregada será a da aprendizaxe significativa e funcional, sempre partindo da base e experiencia do propio alumno. Aínda que as clases son colectivas sempre será imprescindible a atención individualizada, combinando estes dous tipos de traballos. Tratarase en todo caso de interrelacionar a utilidade desta materia con outras que estean cursando ou que cursen mais adiante.

6. Atención á diversidade

Os alumnos que chegan a estes cursos compatibilizan os estudos musicais cos estudos da E.S.O, Bacharelato ou Formación Profesional. Todo isto, as idades e o instrumento que tocan determinará a diversidade do alumnado. Desde a aula atenderemos eventualmente os diversos intereses dos rapaces procurando sobre todo buscar actividades adaptadas as diferentes necesidades dos alumnos, na medida en que estas se adapten aos contidos do curso.

Neste apartado poderíamos incluír a alumnos con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, desordenes de personalidade ou altas capacidades intelectuais.

Cada caso valorarase e considerase para determinar as posibilidades de intervención. Poderemos facer adaptacións curriculares non significativas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



7. Temas transversais

7.1. Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para motivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltaránse ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinarase a lo menos unha hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Mensualmente cada profesor redactará un pequeno informe que inclúa: os procesos de ensino e a súa práctica docente en función da súa adecuación co alumnado, así como o logro dos obxectivos do grao e das materias. Esta avaliación incluírá polo menos, os seguintes aspectos: a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás características e necesidades do alumnado; as aprendizaxes acadadas polo alumnado; as medidas de atención á diversidade aplicadas; o desenvolvemento da programación; a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado. Ao final de curso cada profesor informará ao xefe de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas que sexan oportunas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Para a realización da **Homoxeneización**, antes de entregar a Programación, os/as profesores/as da mesma materia acordarán os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción, que se verá reflectido na correspondente Programación Didáctica.

O proceso de **Calibración** realizarase naqueles casos nos que existan mais dun/ha profesor/a por materia e mesmo nivel educativo:

Nas especialidades teóricas, os/as profesores/as da mesma materia e nivel educativo poderán concretar todo o referente ao sistema de corrección das diferentes probas a realizar; os resultados das mesmas poderanse analizar nas Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación para comprobar o correcto funcionamento do procedemento.

10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.

A avaliación interna do departamento farase na segunda metade do curso en base ao grao de consecución das programacións didácticas e a enquisas realizadas aos alumnos, que serán deseñadas no propio departamento ao comezo de cada curso.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



ANEXOS

- Probas de acceso a 6º de grao profesional

Contidos.

Para 5º GP: Análise I

- Terminoloxía analítica básica.
- Pequenos tipos formais.
- A variación.
- O rondó. A forma de arco.
- Forma tipo suite barroca.
- O minué de sonata clásica.
- A forma sonata.
- Tipoloxías formais do movemento lento da sonata.
- O contrapunto imitativo: o canon, a invención e a fuga.
- A relación entre texto e música: o Lied.
- Formas libres: preludio, tocata, obertura, fantasía, etc.

Para 6º GP: Análise II

- Terminoloxía analítica básica das formas, procedementos e técnicas compositivas de: Canto gregoriano, Polifonía medieval, Renacemento e Século XX. (Para poder comprender e relacionar os procesos compositivos destas épocas cos da práctica tonal.)
- Características da estética e dos parámetros que compoñen as obras dos períodos: Barroco, Clasicismo e Século XIX en obras de crecente complexidade.

Criterios de cualificación: Os sinalados no exemplo de proba a continuación.



Proba teórico-práctica de acceso a cursos
4º, 5º e 6º de Grao Profesional
Cuestionario sobre Harmonía e Análise

4º (Harmonía 2 puntos)	5º (Harmonía 3 puntos)	6º (Análise 10 puntos)
a, b, c, d (0,5 c/u)	a (0,3), c (0,6), d (0.8), e (0.3), escolle unha entre f/g (1)	a (1.2), b (0.8), c (1), d (0.5), e (2), f (1), g (1.5), h (2)
Nome e apelidos:		

- a) Indica o ton principal da peza. _____
- b) Analiza na partitura indicando grao, cifrado e función os compases 1 e 2.
- c) Sinala na partitura dúas cadencias perfectas.
- d) Sinala na partitura unha semicadencia.
- e) Identifica o acorde da última parte do compás 17. _____
- f) Analiza na partitura indicando grao, cifrado e función os compases 3 e 4.
Ten en conta que pode haber funcións secundarias, é dicir, relacionadas con diferentes tonalidades/graos veciños á tonalidade principal.
- g) Sinala na partitura que relación teñen os compases 7 e 8 entre si. Tendo isto en conta di: A que grao/tonalidade hai tensión no compás 7? _____ E no compás 8? _____
- h) Divide a peza en partes atendendo ás cadencias sinalándoo na partitura.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Siciliana (♩ = 42)

The musical score is for a piece titled "Siciliana" in 12/8 time, with a tempo marking of ♩ = 42. It is written for piano and consists of five systems of music. Each system contains a vocal line (treble clef) and a piano accompaniment (treble and bass clefs). The key signature is one sharp (F#). The score includes various musical notations such as slurs, ties, and dynamic markings like *pp* (pianissimo) and *f* (forte). The piece concludes with a double bar line and repeat dots.